



# **O CASTRO DE TRELLE**

## **HISTORIA, TRADICIÓN E FUTURO**

**David Sabucedo Cardero**

**Pablo Sabucedo Santos**

**Benito Vilas Estévez**

### **PRÓLOGO**

Dende a Asociación Amigos do Patrimonio de Toén e a Asociación Porta da Cadea de Sobrado do Bispo levamos dous anos artellando un proxecto de posta en valor, estudo e divulgación da historia e tradición do xacemento do Castro de Trelle; para moitos membros destes colectivos é cumprir un soño que temos dende a nosa infancia, e que pensamos que sería case unha utopía.

Esta campaña arqueolóxica será levada a cabo por Árbore Arqueoloxía e Restauración S. Coop. Galega e Breogán Arqueoloxía. Os primeiros traballos de investigación xa comezaron, e a primeira escavación está programada para este 2024, agardamos que este sexa o primeiro paso do que será unha proposta a longo prazo, e poder seguir estudando este xacemento nos anos vindeiros, descubrindo a súa historia e que segredos agocha.

Este é sen dúbida o plan máis ambicioso da curta vida das nosas asociacións. Dende un principio a nosa idea é implicar neste proxecto aos veciños e comunidades dos tres concellos marxeantes no Castro, para que descubran o gran tesouro que alberga aquel monte, que saiban de onde vimos e así poder preservalo para as futuras xeracións evitando novas destrucións e alteracións neste xacemento.

A nosa principal labor coma divulgadores e investigadores é concienciar ao pobo do noso patrimonio, para que o valoremos e o sintamos coma un símbolo da nosa identidade.


# 1.HISTORIA

David Sabucedo Cardero

## Desmemoria dun xacemento

En agosto de 2009 saía nos medios locais, e incluso nacionais, a noticia dos danos causados na muralla do Castro de Trelle por parte dun madeireiro que estaba a facer unha corta naquel monte; cando os gardas lle pediron explicacións o home (natural da contorna) argumentou que non sabía que alí había castro ningún. Foi esta unha escusa para evitar as sancións ou realmente non sabía da existencia do xacemento? Tan pouca era a memoria que se conservaba na comarca coma para que non soubera o que alí había?

Neste capítulo faremos un percorrido pola historia do Castro de Trelle, e sobre todo pola memoria e tradición oral que gardan os paisanos deste enclave lindeiro entre as Terras de Ourense e Celanova.



Imaxe 1: Lindes municipais no Castro de Trelle

## Un xacemento compartido entre os vales do Miño e o Arnoia

O Castro de Trelle está situado entre os concellos ourensáns de Cartelle, Toén e Barbadás; en monte comunal compartido polas Comunidades de Montes de Sabucedo, Moreiras-Trelle e Sobrado-Loiro-Bentraces; a 630 metros sobre o nivel do mar, nun outeiro que domina os vales do Miño e o Arnoia. O topónimo “Castro” é moi común nesta paraxe, o que fixo que o pobo lle chame vulgarmente a este macizo Os Castros.

Dende o seu curuto divísanse grandes extensións das terras de Ourense ao norte e das terras de Celanova cara o sur, tendo visión directa de numerosos poboados castrexos da cunca ourensá, das terras de Allariz e sobre todo de Celanova: como son Castromao, Outeiro de Vimeiros, A Rodeliña, Outeiro de Frades, Santa Águeda, San Trocado, Santa Mariña, A Merca, etc. A súa privilexiada situación xeográfica fixo que dende a Idade Media o Outeiro do Castro fose empregado como demarcación dos distintos territorios que domina.

Para localizar as referencias máis antigas que temos debemos irnos a dúas das coleccións do patrimonio documental máis importantes de Galicia: o Tombo de Celanova e o Arquivo da Catedral de Ourense.

### **O “Mons Sexsoso” (s. XII)**

O 11 de decembro de 1118 Pelaio Citiz e súa muller Argilo Munniz dóanlle ó mosteiro de Celanova súa herdade de Sabucedo, dando coma localización desta posesión que se atopa “*subtus mons Sexsoso*” (baixo o monte *Sexsoso*), sendo este o monte do Castro. Este documento conservado no Tombo de Celanova contén a primeira referencia coñecida ó Castro de Trelle, comprobando que ó igual que agora sempre foi lindeiro de Sabucedo, da *villae* de aquel tempo e da parroquia actual.

Como sabemos que o *mons Sexsoso* é este lugar? Para iso temos que ir unhas décadas máis tarde. O 18 de setembro de 1133 o emperador Afonso VII e súa dona a raíña Berenguela conceden ao bispo ourensán don Diego unha ampliación do couto Auriense (é dicir o territorio de señorío episcopal) cedéndolle as terras do castelo de Louredo (Mugares); onde se fala que as marxes deste territorio pasan polo *Castro Saxusu*, monte identificado polos medievalistas Beatriz Vaquero e Francisco Javier Pérez coma o Castro de Trelle. Estas son fontes de vital importancia para a nosa investigación pois non só estamos ante as referencias máis antigas, senón que tamén coñecemos o nome que se lle daba a dito outeiro na idade media. Xa daquela era un lugar que servía de marco entre xurisdicións.

Pero estaban no certo Vaquero e Pérez sobre se este era realmente o noso castro ou algún dos outeiros da zona? Hai outro elemento a ter en conta. Xa no século XVII os escribáns



## O conde que se refuxiou na Civitas de Sabuceto

Douscentos anos antes, no século X, houbo dous condes que levaron aos galegos a unha guerra entre si, estes eran Rodericus Velasconiz e Gondisaluum Menendiz. Así describe esta contenda o monxe Odoyno de Celanova (personaxe contemporáneo dos feitos) no 983:

*“Iniciado o combate no lugar que chaman Aquiluntias (Aguioncha, Calvos de Radín), Rodericus volveu as costas e refuxiouse semivivo (hoxe diríamos medio morto) xunto ao bispo na civitas de Sabuceto, e Gondisalvo converteuse en vencedor.”*

Para os historiadores que estudaron esta fonte a *Civitas de Sabuceto* poden ser dous emprazamento: ou Sabucedo de Porqueira ou Sabucedo de Montes en Cartelle. Para un destes investigadores, Antonio Rodríguez Baixeras, sería Sabucedo de Cartelle polo perto que está de Celanova, xa que se nos di que o conde perdedor buscou acubillo onde o bispo San Rosendo, e a numerosa documentación que alude a relación entre este lugar e a familia do Santo. E que emprazamento sería mellor para protexerse dos seus inimigos en Sabucedo que un castro fortificado? Aínda máis, un fortín cun control do territorio incomparable co que tiña visión directa das terras da Limia onde se produciu o conflito. Non temos probas aínda de que isto fose así, mais tampouco as temos do contrario. Visto isto, e se subimos a aposta: Podería quedar memoria oral nas xentes de arredores do Castro de Trelle sobre este suceso?

En 1929 o estudante de maxisterio Gonzalo Nieto Cortiñas, veciño de Moreiras, recolleu tradición oral sobre este lugar que publicou na sección *Archivo Filológico e Etnográfico de Galiza*, na Revista Nós, nun cuestionario sobre a parroquia de San Pedro de Moreiras, anotando certa información que é moi curiosa:


*“O monte do castro ten unha forma particular, porque semella un cono; antes de chegar vinte metros á cima, ten unha volta de terra ao redor, coma unha rosquilla cando se mete nun cono e dez metros máis arriba ten outra volta na mesma forma e despois a cima remata case en punta. Dise monte di a xente que estiveron alí os*

*mouros e as rosquillas din que é onde tiñan as armas os mouros para defenderse do inimigo.”*

E se eses mouros que usaban as rosquillas (parapetos defensivos do castro) eran máis recentes do que pensamos e foran o conde vencido e seu exército? Algo que era moi común ao longo da Idade Media era o emprego por parte dos señores feudais dos antigos castros coma lugar onde defenderse e procurar vantaxe na batalla, como ben queda reflexado polo cronista do s. XVI Vasco da Ponte. Mais todo isto é unha teoría que só a arqueoloxía pode demostrar ou desmentir.

### **O marco do Castro de Trelle: do Antigo Réxime a época Contemporánea**

Como xa referín antes a boa posición do Seixoso no territorio fixo que ao longo dos séculos fora empregado coma marco divisorio, sendo lindeiro no Antigo Réxime dos coutos de Sabucedo, Sobrado do Bispo e Moreiras; tal e como sinala o interrogatorio do Catastro de Ensenada (1752) destas tres xurisdicións onde se fai referencia ao marco do Castro ou dos Castros.



Imaxe 3: Castro de Trelle na Carta Xeométrica de Domingo Fontán (1845)

Non sería ata o s. XIX cando atopamos a primeira referencia documental ao topónimo actual. Nun documento do escribán de Puga, Ramón Bernardo Alberte, feito en Sabucedo o 26 de xaneiro de 1830, refléxase que a linde daquel couto vai: *“hasta dar en Castros de*

*Trelle*". Ca constitución dos actuais concellos en 1836 o marco do Castro pasará a ser lindeiro dos termos municipais de Cartelle, Toén e Barbadás.

Xa baixo a denominación de Castro de Trelle aparece na famosa Carta Xeométrica de Domingo Fontán (1845), e en 1852 Narciso Zepedano y Carnero inclúeo entre os altos notables de Galicia cunha altitude de 2277 pés.

Nesta centuria o Castro non destaca soamente polo súa importancia xeográfica, xa que en 1860 Vicetto na súa obra "*Los Reyes Suevos de Galicia*" refírese ás "*pardas alturas de los castros de Trelle*", afirmando nunha nota a pé de páxina que eran: "*fortalezas de los suevos*". Tamén Ramón Barros Silvelo nomea ao "*castro grande de Trelle*" coma o máis senlleiro das terras de Ourense (1875).

### **O inglés que quixo escavar no Castro**

Nós non fomos os primeiro que tivemos un proxecto de escavar o Castro de Trelle, ao parecer nun tempo pasado existiu un caso, a cabalo entre a lenda e a realidade, dun inglés que chegou a Trelle ca intención de cavar no xacemento para buscar un tesouro.

A historia contóunola Rogelio Vidal un veciño deste lugar, segundo nos dixo:

"Contaban os vellos que haberá un século (ou máis) un inglés quixo escavar no Castro ata A Merca para atopar un tesouro dos mouros. Seica cavou unha zanza duns 30-40 metros, máis só atopou unha mina de auga. Tras disto seica desapareceu sen ter noticias no lugar se estaba vivo ou morto."

A mina do inglés está no Val do Castro e na actualidade é onde ten Trelle unhas catacións de auga.

O curioso de todo isto é que en 1928 Cuevillas e Coleman recolleron unha historia similar dunha "campana arqueolóxica" duns fillos da Gran Bretaña no veciño castro do Outeiro dos Vimieiros (Espinoso, Cartelle). O Cabanelas, mozo veciño Sabucedo de Montes (Cartelle), contoulles unha lenda dunha moura que aparecía tódalas noites de San Xoán nese outeiro, e que dunha vez:

*“Uns ingleses non dando tino das cobras quixeron agarrar a moura, i-entón armouse tan grande estrondo, que fuxiron arripiados e non volveron ao sitio.”*

Pero que hai de certo nesta historia? Non o sabemos, pero a existencia da mesma en dúas aldeas da contorna dos Castros danos a entender que nun tempo pasado algún tipo de campaña emprenderon alí un grupo de ingleses, sendo o máis seguro uns cazatesouros movidos polo mito do ouro dos antigos que se ocultaba nas vellas construcións de Galicia.


Como curiosidade para rematar esta historia falemos dunha misteriosa peza atopada nos Castros a comezo do s. XX. En 1902 o *Boletín de Monumentos da Provincia de Ourense* daba conta da doación que lles fixera D. Julio A. Cuevillas dunha placa de bronce conmemorativa das vitorias do almirante británico Nelson, obxecto aparecido nos Castros de Trelle. Tería algo que ver cos nosos ingleses?

Habería que agardar ata aos anos 20 do seguinte século para os primeiros estudos do xacemento.

### **O estudo de Cuevillas e Coleman (1928)**

En 1928 da man de Florentino L. Cuevillas e Jaime P. Coleman o Castro de Trelle foi incluído no traballo “*Catálogo dos Castros Galegos*” da Terra de Celanova publicado polo Seminario de Estudos Galegos, sendo este xacemento o primeiro do seu estudo xunto cos veciños de Outeiro de Vimieiros e A Rodeliña (Doniz, Cartelle).

Cuevillas e Coleman deberon descubri-lo polo seu amigo Eladio Garza, natural de Sobrado do Bispo, pois sitúano coma pertencente a esta parroquia de Barbadás. Os restos do Castro debían ser máis que coñecidos polos paisanos, pois un ano despois (1929) o veciño de Moreiras Gonzalo Nieto recolleu esta interesante lenda: “*Dise monte di a xente que estiveron alí os mouros e as rosquillas* (murallas) *din que é onde tiñan as armas os mouros para defenderse do inimigo.*”



*Imaxe 4: Croquis do Castro de Trelle feito por Cuevillas e Coleman (Revista Nós, 1928)*

Volvendo o estudo dos dous eruditos, o que máis lles chamou a atención foi que era un dos escasos exemplos da comarca situado no cumio dun outeiro, e tamén o seu tamaño: *“hai que considerar o grandor considerable do Castro de Trelle”*. Clasificárono coma un castro de dobre recinto polos dous aneis concéntricos que viron que formaban as súas defensas e dividían o recinto en dous socalcos.

Describen as súas estruturas defensivas coma terrapléns cubertos de terra e que nun principio non tiñan sinais de que houbera muro, mais fixéron unha prospección nun deles e isto foi o que atoparon:

*“Despois de practicar n-iles un corte de 50 centímetros de fondura, poidemos comprobar que no seu interior existe unha muralla de contenzón; case vertical, feita con cachote pequeno de pedra esquistosa, posta en secono senso dos estratos, labrado na cara exterior e aparelado con tanto coidado, que forma un paramento ben xuntado e liso.”*

Tras disto pensaron que os muros seguían por riba da terra do parapeto e que os restos de cachotería que se atopaban ciscados polo chan serían da muralla exterior, sendo común a día de hoxe observalos ao redor dos aneis defensivos. Tamén sinalan que na banda norleste o chan presentaba unha forma achairada, o que podería indicar a presenza dun terceiro socalco.

A segunda prospección consistiu en pequenas catas pola superficie do xacemento na procura de restos materiais, aínda así: *“non descubrimos ningún alicerce de casa, nin xiquera un testo de xerra, nin de tégula.”* Máis proveitoso foi o estudo etnográfico que fixéron cos paisanos na procura de tradición oral do Castro, xa que recolleron numerosas lendas. Estas entrevistas non arroxaron luz sobre achados de pezas no pasado: *“non hai tampouco lembranza no país de que teñan aparecido no sitio nin os seus arredores, obxectos arqueolóxicos.”* Isto non é de todo exacto pois Gonzalo Nieto afirma que o monte do Castro: *“antigamente tiña na cima un castelo coa bandeira de Hespaña, que tiña o castelo un metro de outo, e isto hai 8 ou 10 anos que desapareceu.”* Semella pola altura do “castelo”, un metro, que o que había na coroa ata 1920 eran os restos dunha edificación castrexa.

Este estudo situou o xacemento coma un dos mais destacables da comarca, coma ben se indica no Boletín da Comisión de Monumentos da Provincia de Ourense: *“son de notar los vestigios pre-romanos del castro de Trelle”* (1938).

Sería tres décadas despois cando a construción da pista forestal que sube á croa descubrirá os tesouros que agochaba o lugar, e que por desgraza Cuevillas e Coleman non puideran atopar.

### **A construción da pista forestal (1951)**

En 1951, no contexto das obras de construción das estradas que levaban ao novo Sanatorio Psiquiátrico de Toén e aos lugares de Trelle e Trellerma, fíxose a pista forestal que subía ao cumio do Castro. Estes traballos, nos que participaron numerosos paisanos dos arredores, descubriron á opinión pública ourensá o xacemento que alí se atopaba. Así o recollía en xuño 1951 o xornal La Región : *“Los obreros, al perforar sus célebres cercas y dentro del recinto de las últimas hallaron infinidad de objetos y tres viviendas antiquísimas que destruyeron por desconocer el valor histórico de estas reliquias.”*

Castor Seara, veciño de Trelle que traballou naquelas obras, é hoxe a nosa mellor fonte sobre como foi o proceso. Aínda que só estivo dúas semanas no Castro foi protagonista dos achados máis importantes:


*“Estabamos facendo a pista, un ía picando por diante miña e cando tal chegamos a un muro, e ao lado había anexo unha sorte de forno pequeno, que tiña cúpula (todo feito da lousa do castro), cando se lle deu co pico rompeu e afundiuse, e entre os cascallos vimos brillar unhas pezas ás que lle botamos a man. Unha era unha machadiña de metal que era así de tamaño (sinala cas mans uns 30cm), tiña mango, un fío pequeno dun lado e un ollo doutro, todo de metal. A outra era unha chapa, de metal tamén, grande e cadrada, moi pulida, pareceume verlle como letras e uns números do revés.”*

Segundo conta de seguido veu o garda forestal que lles dixo que deixaran as pezas no chan e avisou á Garda Civil; unha parella da Benemérita subiu ao monte e levaron as pezas. Tralo achado tiveron que desviar o trazado da pista para sortear aquela construción

(unha cabana circular). Ao cabo dunhas semanas convidaron aos obreiros a ir velas pezas á Deputación, mais só foron catro, entre eles Castor: “tíñanas nunha mesa para ver, pero sen expoñer nin nada”, despois diso non se volveu saber delas, estando hoxe en día desaparecidas. Castor contounos con mágoa:

“O único do que me arrepinto é de non agochar as pezas no monte, sobre todo a machada, e a noite volver por elas. Hoxe as tería comigo, non para vendelas, para poder ensinalas a quen quixera velas”.

Outro veciño de Trelle que traballou alí, Benito Fernández, sinalaba que descubriran unha gran pedra decorada que tamén levaron a Ourense, información que parece corroborar a testemuña recollida de Pedro Vidal (veciño de Moreiras e tamén natural de Trelle): “dicían que atoparan un xugo de pedra de época dos romanos.”



*Imaxe 5: Fotos aéreas voo americano 1945 (Esq.) e 1956 (Der.)*


Estas obras destruíron parcialmente as murallas dos recintos principais, como lembra Rogelio Vidal, veciño de Trelle que tamén traballou alí: “fomos subindo cara a cima destruindo varios muros que íamos atopando no camiño, e eran bastante anchos e moi ben feitos pois eran totalmente lisos, todos de lousa”. Ao contrario do que sinala a prensa da época, os capataces da obra sabían o que ían atopar no monte; as testemuñas lembran que foran a Moreiras coller un libro que falaba sobre: “as cousas dos antigos”, e pedíronlles que foran discretos sobre o que alí ían ver.

Contan que tal foi a expectación que levantou no lugar os achados que dous veciños de Trelle, “un home e unha muller de mente curiosa”, subiron ata o xacemento medir os muros dos parapetos.


## As pequenas prospeccións e estudos do xacemento dos 70s e novas destrucións

Non sería ata a década dos 70s cando en pequenas prospeccións e por casualidade se producirían novos achados no Castro.

En 1971 Vicente Rodríguez Gracia atopou, nun dos vertedoiros da pista forestal onde se localizaba unha cabana circular, numerosas pezas que foron entregadas ao Museo Arqueolóxico de Ourense, estas eran: unha fusaiola, unha aña, anacos de cerámica e unha fíbula circular de bronce. En 1972 Gracia entregou ao museo numerosos anacos de cerámica atopados en superficie, algúns dos achados desta campaña apareceron entre a colección de García de la Villa (compañeiro de Rodríguez Gracia no Sanatorio de Toén), xunto a un documento que indicaba que foran atopados nos meses de marzo e abril; tamén entre as raíces dun piñeiro caído atoparon restos cerámicos de dúas vasillas e sementes de trigo calcinadas. Naquel ano un garda forestal descubriu os anacos dunha ola globular tipo “Cameixa”, que depositou no museo e foi reconstruída.



Imaxe 7: Pezas achadas no Castro (Boletín Auriense, 1971)



Imaxe 6: Colección García de la Villa. Imaxes cedidas por Eduardo Méndez Quintas.

Moitas son as testemuñas recollidas que nos comentan que aló polas anos 70s e 80s aínda eran visibles restos de edificacións no xacemento. O veciño de Moreiras Andrés Sabucedo, afirmaba que sendo el mozo vira alí unha casa redonda que no interior tiña

unha sorte de banco corrido de lousa pegado ao muro; Luis Rivera, veciño de Loiro, comenta que nunha das ladeiras que ía cara a parte de Barbadás eran recoñecibles varias cabanas circulares; o mesmo afirma Roberto Lloves de Moreiras, e que se vían moi ben despois do lume que afectou á plantación do Castro a comezos dos 80s , que deixara ao descuberto as estruturas do xacemento.



*Imaxe 8: Vista do Castro dende o concello de Barbadás*

Todas as persoas consultadas coinciden ao indicar que realmente o que ocasionou maiores danos no recinto castrexo foi a plantación forestal comezada en 1977 nos montes comunais, así coma a edificación na croa por aquel tempo da torre de vixía e dous casetos que aínda se conservan nos nosos días.

### **Estudos e catalogación dos 90s ata a actualidade**

A pesares destas alteracións en 1991 era visible na croa unha cabana circular (tal e coma quedou recollida na fotografía da ficha de catalogación da Xunta feita nese ano), posiblemente é a atopada en 1951 e que obrigou a desviar o trazado da pista, mais hoxe dita estrutura esta case desaparecida por mor dun ancheamento do camiño.

Cuevillas e Coleman achegáronse bastante ás dimensións do recinto superior central e á presenza dun segundo recinto, mais en 2006 o traballo de inventariado da Xunta feito por

Nieves Amado Rolán, no que empregou coma fonte a fotografía aérea do voo americano de 1956, demostrou que o Castro é máis extenso e ten estruturas moito máis complexas do que se pensaba.

A valoración final que fan os arqueólogos que o inventariaron sinala que aínda que o xacemento presenta numerosas alteracións coma as plantacións forestais e a pista que o atravesa, estas só parecen ser parciais debido ás dimensións do castro e as especies menos agresivas no subsolo que contén a plantación.

Por desgraza toda esta labor de catalogación co conseguinte grao de protección non impediu que se danara novamente o xacemento no pasado recente. Os principais desperfectos foron: a destrución en 2009 da muralla do lado de Toén, a apertura de carreiros para circuítos de bicicletas e motos, e a corta de piñeiros na parte de Barbadás con maquinaria pesada que danou parte dos parapetos exteriores (2022).

En outubro de 2018, case 40 anos despois dos derradeiros achados, o Castro de Trelle volvía á primeira liña da actualidade arqueolóxica ourensá cando as sementes e os anacos de cerámica atopados por Rodríguez Gracia (1972) eran expostos coma a peza do mes do Museo Arqueolóxico de Ourense.

## 2. TRADICIÓN

David Sabucedo Cardero

Pablo Sabucedo Santos

### As fantásticas lendas do castro de Trelle

Ademais do patrimonio arqueolóxico, o Castro de Trelle conta cun rico patrimonio inmaterial de lendas de mouros, tesouros e bandidos. No ano 51 a prensa referíase a el coma: “*el famoso castro de Trelle en torno del cual aun perduran fantásticas leyendas.*” Parte da mitoloxía do Castro quedou inmortalizada polo premio Nobel de literatura Camilo José Cela na súa obra *Mazurca para dos muertos* (1983).

O traballo de recollida da tradición oral foi comezado por Cuevillas e Coleman en 1928 e continúa actualizándose nos nosos días. Contamos con numerosas historias recompiladas.

### Mouros

En Trelle e noutras poboacións desta paraxe todo o mundo sabe que no castro viviron, e viven, os mouros. Esa raza mítica do noso folclore, donos de infinitas riquezas e dotados de poderes máxicos, que eles construíron o Castro e foron os antigos habitantes do país; non debemos confundilos cos mouros de África pois non son o mesmo, mais na obra de Cela confúndense aos antigos habitantes cos mahometanos históricos:

### Os mouros viven no castro

Dise monte di a xente que estiveron alí os mouros e as rosquillas din que é onde tiñan as armas os mouros para defenderse do inimigo.

Fonte: Gonzalo Nieto Cortiñas de Moreiras

### A mourama do Castro de Trelle

Nos castros de Trelle habita a mourama máis rica de toda a bisbarra, está gobernada polo mago Abd Alá el-Azziz ben Meruán, el Portugués, valí de Monforte, que é chosco, rubio, e leproso pero que ten a facultade de converter en ouro todo o que queira: unha pedra,

unha escaravello, unha papoula, unha escrava, o que sexa; os castros de Trelle están cheos de pedras, de escaravellos, papoulas e escravas de ouro.

Fonte: Camilo José Cela, *Mazurca para dos muertos*.

### **O arrieiro e os mouros**

Contan que un arrieiro de Sobrado do Bispo leváballe viño tódolos días; eles pagábanllo cuns pequenos anacos de pizarra que sacaban da terra e que o arrieiro, ó chegar a súa casa, atopaba transformados en moedas de ouro. Con isto, o arrieiro íase facendo moi rico. Mais súa muller, asombrada de que trouxera tanto diñeiro tódolos días, preguntoulle onde os gañaba. Os mouros fixéranlle xurar que endexamais revelase a ninguén o segredo, pois se o contaba despozaríanas daquelas riquezas e quedaría na indixencia. Poren, negábase unha e outra vez a dicirlle nada a súa dona. Pero a muller do arrieiro teimáballe sempre sobre aquilo, día tras día, e tanto fixo e tantas voltas deu, que por fin o marido contoulle o que acontecía, pregándolle que non o descubrise, pois, se non, os mouros castigaríanas.

Mais a muller non soubo gardarlle a promesa, e, en segredo, foi xuto dunha comadre e díxolle:

-Comadre, sabe unha cousa?

-E logo?

- Que meu home carrétalle o viño ós mouros que están no castro, e danlle moitas medas de ouro; pero non llo diga a ninguén...

A comadre, tendo envexa daquela fortuna, díxollo ao seu marido; este repetiullo aos amigos, e así foi correndo o conto, e sóbose todo.

Ó día seguinte foi o arrieiro levarlle o viño ao castro; pero non lle abriron as portas. Volveu a súa casa e a fortuna perdeuse para sempre.

Fonte: [misteriosleyendasdegaliciayasturias.wordpress.com](http://misteriosleyendasdegaliciayasturias.wordpress.com)

### **A guerra dos mouros**

Dende o castro de Outeiro de Frades (A Merca) tirábanlles pedras aos do Castro de Trelle cando os atacaban.

Fonte: Recollida Xabier Moure dun veciño de Pereira de Montes (A Merca)

### **Mouras**

As Señoritas, Mouras ou Damas do Castro aparecen en lendas espalladas polo país, son as "fadas" do noso folclore. Na maioría dos casos queren axudar ós cristiáns, mais sempre debes cumprir o que che digan que tes que facer, pois de non facelo as consecuencias poden ser terribles:

## A Señoría do Castro de Trelle

Nos Castros de Trelle, unha mañá de San Xoán, unha moza que ía para Ourense atopou unha señorita descoñecida, vestida de seda e cuns cabelos dourados que lle chegaban á cintura, e a señorita díxolle:

—De hoxe nun ano, se queres ser rica, antes de raiar o sol, vés por eiquí, e dende a cima do monte, has de dicir tres veces: Ábrete, pendouril dourado!.

Así o fixo, e á terceira vez, por un burato que se abriu no monte, saíu a señorita vestida de seda e botoulle na falda unha cousa que non se sabía que era, e díxolle:

-Non mires ata non chegares á casa.

E desapareceu. A moza, chea de curiosidade, abriu o mandil, e viu que eran moedas de ouro. Chea de ledicia chegou á casa, mais cando quixo gardalas onzas, eran carbóns.

Fonte: Vicente Martínez Risco

## A trabe de ouro

O mundo subterráneo de Galicia está atravesado por túneles e trabes de ouro, prata e alcatrán que están soterradas. A xente leva séculos tras destas vigas pero para atopalas hai que arriscarse a perdela vida:

No Castro de Trelle hai dúas trabes, unha de ouro e outra de alquitrán. O que atopa a trabe de ouro será rico; o que atopa a de alquitrán, se non morre abrazado polo seu lume, será desgraciado e levará a desgraza a súa familia.

Fonte: José Benito Fernández de Trelle.

Polos Penedos da Costeira vai unha trabe de ouro que os une co Castro de Trelle e outra que vai cara o monte da Piteira.

Fonte: Roberto Lloves



Imaxe 9: Vista do Castro de Trelle e o Outeiro de Frades dende o Outeiro de Vimieiros (Doníz, Cartelle)

Do outeiro de Vimieiros ao Outeiro de Frades vai unha trabe de ouro, e deste vai ao castro de Trelle.

Fonte: Modesto veciño de Sabucedo de Montes.

## **Tesouros**

Ao longo da historia de Galicia a xente procurou os tesouros dos antigos (dos mouros) que se atopaban nos monumentos do pasado (mámoas, castros, castelos, etc.) ou encantados por baixo de penedos senlleiros e cheos de tradición oral. O Castro de Trelle era célebre polas súas fantásticas riquezas:

### **O xigante do castro de Trelle**

Dunha vez un rapaz de Sabucedo, que andaba a gardar o gando, rañou cun coitelo nunha peneda que hai no castro de Trelle. Así que o fixo, púxose diante un xigante moi grandísimo, con ollos de boi, que lle contou que na fonte máis preto da cerca había acubillados unha cabra e mais un cabrito de ouro.


O rapaz, aínda que tomou moito medo, contou no lugar o que lle pasara, e entón foron homes que andaron a medir e viron que a tal fonte era unha que deita nas abas do Sur e cavaron alí e non se sabe se atoparon algo ou non.

Fonte: recollida por Cuevillas e Coleman do Cabanelas veciño de Sabucedo de Montes.

### **O inglés e o castro de Trelle**

Haberá un século (ou máis) un inglés quixo escavar o Castro ata A Merca para atopar o tesouro dos mouros. Seica cavou unha zanza duns 30-40 metros, mais só atopou unha mina de auga. Tras disto contan que desapareceu sen ter novas no lugar se estaba vivo ou morto.

Fonte: Rogelio Vidal de Trelle.



*Imaxe 10: "Mina do inglés" no val do Castro (Trelle)*

## **O castro está oco**

En Trelle aínda contan veciños coma Benito Fernández ou Castor Seara que o Castro está oco por dentro e que na súa cima había un pozo polo que tirabas unha pedra e tardaba un tempo en chegar ao fondo, e ao caer sonaba a metal. A mesma lenda é contada en Sobrado, Moreiras, Loiro e Sabucedo e xa fora recollida por Cuevillas e Coleman da boca dun home de Pereira de Montes. Juan Carlos Forneiro, veciño de Sobrado, conta que o pozo estaba na cima do monte, xusto ao carón de onde hoxe está o punto xeodésico.

## **A fama do Castro de Trelle**

A bisbarra dos Castros foi dende a Idade Moderna unha terra na que os súas xentes ían a Castela a traballar na sega. Isto fixo que os paisanos non só levaran á Meseta a súa forza de traballo senón tamén as súas tradicións, que deixaron unha forte pegada en terras castelás:

Estando un veciño de Trelle cun familiar nun hospital en Madrid formouse unha tarde unha forte treboada. Na cama do lado estaba internada unha muller de Valencia, que o ver a potencia da trebón dixo: -Que tormenta máis grande, Dios la retire a los Castros de Trelle, sorprendido o noso paisano díxolle que eles eran de alí, e a valenciá, que non sabía onde quedaba o lugar, dixo toda sorprendida: -¿Pero viven en un castro?-

Fonte: Castor Seara de Trelle.

Un home de Pereira de Montes estaba en Castela na sega un rico *hacendado* de Alcobendas, preguntoulle de onde era, e el díxolle de Ourense, co que o castelán contestoulle díxolle: “por aqueles campos hai un castro que lle chaman de Trelle en el atuado moito haber e unha Virxe toda de ouro.

Fonte: Cuevillas e Coleman dun veciño de Pereira de Montes.

## **Os bandidos dos Castros**

O monte dos Castros sempre estivo moi vencellado ao perigo, xa fose pola presenza do lobo ou doutro animal aínda máis perigoso, o home. En xaneiro de 1909 a prensa falaba

de que polos Castros de Trelle andaba unha gavela de bandoleiros que tiña aterrorizada á bisbarra. Na tradición oral quedou a historia dun ladrón famoso pola súa arte para roubar:

O Cachabello era un ladrón moi célebre na súa arte. Ía ao monte do Castro de Trelle e por alí pasaba xente dos pobos do lado de alá e el facía uns monifates grandes coma homes, moitos, e púñaos na cima do monte e el púñase no camiño e ao pasar alguén, pedíalle o diñeiro e se non llo daban, pois mandaba baixar aos bonecos , e se llo daban dicíalle que non viñesen, e esta era a arte del para roubar.

Fonte: Gonzalo Nieto Cortiñas de Moreiras

Esta tradición oral aínda está “semiviva” pois moitas son as lendas que se conservan na memoria de vellos e mozos nos tres concellos. Aínda no 2018 o señor Benito de Trelle afirmaba que había que ir ao Castro e facer un túnel, pois debaixo del atoparíamos o tesouro dos mouros.

### 3. FUTURO

Benito Vilas Estévez

#### Introdución

Por primeira vez na súa historia recente, o Castro de Trelle será obxecto dunha intervención arqueolóxica de posta en valor que procura a recuperación deste enclave histórico cultural, sobre o que case todo son dúbidas e hai moi poucas certezas mais alá de que se trata dun castro. Descoñécese a súa cronoloxía, se era habitacional, a importancia e o papel que xogou no territorio, o porque do seu abandono, ou incluso se foi reocupado en épocas distintas.

É certo que coa actual intervención non se poderán respostar a todas estas dúbidas, e moitas novas xurdirán, pero é sen dúbida un paso adiante para a recuperación deste emblemático lugar, que non obstante non era un descoñecido para a arqueoloxía galega.

#### Historiografía das investigacións no Castro

O Castro de Trelle abre a catalogación dos Castros da Terra de Celanova realizado polo Seminario de Estudos Galegos e publicado na Revista Nós en 1928, sendo a súa primeira referencia bibliográfica. Porén, aparece xa representado como castro no mapa de Galicia de Domingo Fontán, en 1845.

No catálogo de Nós descríbese do seguinte xeito:

*“É iste un castro de dous recintos, que se presentan ó xeito de duas terrazas ovaladas, superpostas e concéntricas, cinguidas pol-os seus respectivos retrapréns, de oito metros de outo o da cima e de seis o de abaixo.*

*Aparecen os taes terrapréns cobertos de terra e sen ter por fora ningún sinal de muro, mais despois de practicar n-iles un corte de 50 centímetros de fondura, poidmos comprobar que no seu interior existe unha muralla de contenzón; case vertical, feita con cachote pequeno de pedra esquistosa, posta en seco no senso dos estratos, labrado na cara exterior e aparelado con tanto coidado, que forma un paramento ben xuntado e liso. As murallas debían seguir san dúbida por riba do chan ó xeito de parapeto, mais oxe non quedan de elas outros restos probabels, que os anacos de cachote esparexidos na superficie do castro.*

*Uns 30 metros por baixo do terraprén inferior, e soio pol-a banda careada ó norleste, vése unha área aplainada, como se alí houbera habido ou se houbera intentado a construción de unha terceira terraza.*

*As mensuras son as seguintes:           Primeiro recinto (Superior)*

*Do norte ó sul . . . . 112 metros.*

*Do leste ó oeste . . 70 metros.*

*A distancia do primeiro ó segundo recinto é case constante e vai dos 46 ós 50 metros.*

*Na área superficial do castro e mesmo na terra que remeximos ó practicar as lixeiras esporazóns, atrás menzoadas, non descubrimos ningún alicerce de casa, nin xiquera un testo de xerra, nin de tégula. (...)*”


A pesares das indicacións ofrecidas por Cuevillas e Colemán na catalogación do Grupo Nós, si se coñécese material arqueolóxico procedente do castro e atopado en superficie ao longo da pista e coa caída de árbores en temporais, publicados en 1978 (Rodríguez Gracia 1978).

Na pista que sobe ao cumio e que seccionou ás murallas quedou tamén ao descuberto no seu día unha cabana, escavada furtivamente. Nas escombres desta escavación tamén se recuperaron diferentes materiais.



*Imaxe 11: Sementes e materiais atopados no Castro de Trelle*

A descrición que do castro fan Cuevillas e Colemán en 1928, se ben é bastante fiel en canto a dimensións do recinto superior central e á presenza dun segundo recinto. Estes mesmos elementos son recollidos na ficha de 1991, onde se fan presentes xa as afeccións da torre de vixía, das antenas e das construcións anexas.



Imaxe 12: Croquis segundo J.F.Romalde Purriños e M.González Méndez (ficha de inventario de 1991), con indicación da estrutura localizada a carón do camiño.

As novas técnicas de rexistro xeográfico, coma os modelados Lidar ou os mapas de pendentes, permitiron posteriormente levar a cabo unha análise e descrición dos elementos que conforman o castro moito máis fieis a realidade, tal cal se recollen en 2006 na actualización da ficha de inventario redactada pola arqueóloga Nieves Amado Rolán:

*“O castro está construído nun monte cónico cunha gran visibilidade sobre a contorna, tanto a nivel medio coma lonxano; son visibles moitos castros tanto da cunca ourensá coma das terras de Allariz e sobre todo de Celanova.*

*O castro é de forma ovalada con orientación NE-SW. As súas estruturas cobren todo o monte, con tres recintos concéntricos principais amurallados.*

*Grazas á fotografía aérea do voo americano de 1956, puidemos facer unha fotointerpretación das estruturas, que son alí perfectamente visibles.*

*A metade norte do castro ten este tres recintos máis anchos, pero na metade sur, onde presenta menos pendente xeográfica e polo tanto menos defensas naturais, a planta é moito máis complexa, presentando ata 6 recintos amurallados.*

*A entrada orixinal do castro estaría polo leste. Ten alomenos dous foxos arredor do primeiro e segundo recintos e presenta unha particularidade moi visible na*


*foto aérea: o terceiro recinto exterior está compartimentado en espazos alongados tamén con murallas.*

*Ao estar completamente repoboado, non se atopan materiais en superficie.*

*En conxunto o castro é máis extenso, ten moitas máis estruturas e máis complexas do que se tiña descrito ata o de agora.*

*Ten uns 350m de longo no seu eixo NE-SE e uns 280m de anchura no seu eixo E-W.*

*A pista de subida ao moente destruíu parte das murallas dos tres recintos principais, segundo se ve na planta, pero dadas as súas dimensións, a alteración sería considerada como parcial.”*



Planta sobre fotointerpretación do Castro de Trelle

■ Murallas visibles	■ Entrada orixinal
■ Foxos	■ Camiño actual

Imaxe 13: Croquis segundo N. Amado Rolán (2006)

Entre as alteracións máis importantes cítanse a repoboación de piñeiros que invade toda a superficie do castro e as súas estruturas visibles, e sobre todo a pista que leva ao cumio e que arrodea a torre de vixía forestal e antenas, así coma estas mesmas e as súas construcións adxectivas, as mesmas que se indicaban na ficha de 1991 e as que aínda hoxe se poden apreciar, sen novas alteracións.

Sobre as fotografías aéreas e os modelados do terreo podemos obter hoxe en día novas medicións, que non difiren en gran medida das xa indicadas. Así, temos un recinto central ovalado, con orientación SW-NE, de 117x76m, abrangendo unha superficie de 0,7ha. Circundando este primeiro recinto esténdese o segundo, formando unha terraza máis

ampla cara o N; a superficie deste segundo recinto é de 200x150m, aumentando a superficie do castro ata as 2'5ha. Ambos recintos presentan maior altura de parapetos cara o S e E, que sabemos deben agochar estruturas pétreas de acordo á información de Cuevillas. Achegado ao segundo recinto, polo SW, presenta un antecastro, duns 25m de anchura, e rodeando á súa vez este e toda a beira E dos anteriores recintos, parece distinguirse outra liña defensiva, moito máis feble. Inda fora desta liña, cara o S e SE distínguese ademais o que parecen ser un sistema de foxos alternos e combinados, chegando case ata a pista actual por esta beira.

As afeccións a todos estes elementos non parece ter variado dende as descritas na ficha de 1991, correspondentes á construción das infraestruturas de vixía forestal e comunicacións, ademais das pistas de acceso, sendo esas as de maior gravidade, xa que cortaron os parapetos de tódolos recintos nalgún punto, e na croa incluso se abriu unha pista que arrodea por completo a área das antenas e torre. Afeccións que xa están presentes en 1956, de acordo ás fotos do voo americano realizadas eses anos.

Sen embargo, por sorte no voo americano serie A de 1946, si que podemos apreciar a topografía orixinal do castro de Trelle, previa apertura da pista, como se amosa a continuación, e que supón o documento mais fidedigno que hai do seu carácter primixenio, toda vez que a área estaba limpa e pódense observar perfectamente as distintas murallas, foxos, e incluso “entradas” se ben este é un factor enigmático e que aínda está por confirmarse.

### **A escavación actual**

Como quedou dito na introdución, a intervención de posta en valor que se plantexa e que esperamos sexa o inicio dun proxecto continuado, é unha pequena escavación en diferentes sectores, coa fin de acadar a maior información posible.

Unha sondaxe de 7x2m (14 metros cadrados) entre o Concello de Barbadás e Toén, ao carón da pista que corta o xacemento para comprobar o estado das murallas e o foxo, a par que a súa técnica construtiva.

Unha sondaxe de 3x3m (9 metros cadrados) nunha das terrazas intermedias que se sitúa no Concello de Toen, onde se observa claramente un proceso de aterraxamento do espazo, e por tanto un lugar preparado para a situación de estruturas habitacionais ou de outros usos.

Unha sondaxe de 2x2m (4 metros cadrados) na terraza superior na zona do Concello de Barbadás, no que se pode identificar como o espazo da croa, e onde a “priori” sería o lugar onde tería xurdido a primeira ocupación do castro.

Por último, e sen chegar a ser unha sondaxe propiamente dita, realizárase unha limpeza da estrutura que se descubriu por mor da apertura da pista no ano 1991 e que se sitúa na terraza superior na zona do Concello de Cartelle. Desafortunadamente desta estrutura

aparecida en 1991, hoxe en día apenas queda unha cuarta parte da mesma, debido a novas ampliacións da pista.



*Imaxe 14: Restos da posible "vivenda" que se atopou ao facer e anchar a pista de acceso, este era o seu estado en 1991 (Esq.), e no que se observaba a forma circular na súa totalidade Este é o seu estado actual, do que apenas conserva unha cuarta parte (Der.)*

## BIBLIOGRAFÍA E REFERENCIAS

AHPO. *Protocolo notarial de Ramón Bernardo Alberte*, 26 de Enero de 1830, s.f.

AMADO ROLÁN, N. (2006): *Castro de Trelle*, ficha de inventario de bens arqueolóxicos da Xunta de Galicia.

ANDRADE, J.M. (ed.) (1995): *Tombo de Celanova (séc. X-XI)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

BARROS SILVELO, R. (1875): *Antigüedades de Galicia*, A Coruña, Imprenta de Domingo Puga.

CENIZA ALFONSO, A. (2018). El secreto de los Mouros/Moros. Leyenda del tesoro de Castro de Trelle. [En liña]  
<<https://misteriosleyendasdegaliciayasturias.wordpress.com/2018/06/28/el-secreto-de-los-mouros-moros-leyenda-del-tesoro-de-castro-trelle/>> [Consulta 30/01/2024].

COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1938): “Monumentos de la Provincia de Orense”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. XI, Nº 239: 338.

El País (2009): Patrimonio investiga el destrozado del castro orensano de Toén. [En liña]  
<[https://elpais.com/diario/2009/08/27/galicia/1251368300\\_850215.html](https://elpais.com/diario/2009/08/27/galicia/1251368300_850215.html)> [Consulta 30/01/2024].

*La Región* (1951): Construcción de una nueva carretera Prolongación de S. Pedro de Moreiras al Sanatorio en construcción y a Trelle. [En liña]  
<<https://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=10000124804>> [Consulta 30/01/2024].

*La Voz de Galicia* (2021): Lanzan un proyecto para hacer excavaciones arqueológicas en el castro de Trelle. [En liña]  
<[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/toen/2021/10/17/lanzan-proyecto-excavaciones-arqueologicas-castro-trelle/0003\\_202110017C8992.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/toen/2021/10/17/lanzan-proyecto-excavaciones-arqueologicas-castro-trelle/0003_202110017C8992.htm)> [Consulta 30/01/2024].

LÓPEZ CUEVILLAS, F., LOURENZO FERNÁNDEZ, X. (1928): “Catálogo dos castros galegos: Terra de Celanova”, *Revista Nós*, t. III, Seminario de Estudos Galegos.

MARTÍNEZ RISCO, V. (1962): *Etnografía: Cultura Espiritual*, Historia de Galiza I, Buenos Aires.

MÉNDEZ QUINTAS, E. (2023): *Recuperación e análise preliminar da colección arqueolóxica García de la Villa*, Vigo, Data Gestión Cultural.

- MOURE PEÑA, X.: Castros de Galicia (Provincia de Ourense). [O Noso Patrimonio] <  
<https://onosopatrimonio.blogspot.com/2011/07/castros-de-galiza-ii.html>>  
[Consulta 30/01/2024].
- NIETO CORTIÑAS, G. (1929): “*Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza. Respostas a un cuestionario: Fegresía de San Pedro de Moreiras*”, *Revista Nós*, t. XI, 70: 176-179.
- PÉREZ DÍAZ, L.M. (2002): “La Galicia mítico-legendaria en Mazurca para dos mortos de C. J. Cela”, *Moenia*, 8: 375-400.
- PUMAR DIÉGUEZ, M.B. (2011): “Los documentos del Coto Viejo y de sus ampliaciones, según los escribanos del siglo XVII”, *Diversarum Rerum*, 6: 151-165.
- RODRÍGUEZ BAIXERAS, A. (2015): *A Historia de Odoyno. Primeira novela galega*, A Coruña, Editorial Toxosoutos.
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1978): “Materiales del castro de Trelle (Toén)”, *Boletín Auriense*, tomo VIII, 323-325.
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (2018): *Sementes, Castro de Trelle*. Peza do mes outubro 2018. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- VAQUERO DÍAZ, B., PÉREZ RODRÍGUEZ, F. (2010): *Colección documental del archivo de la Catedral de Ourense I (888-1230)*, León, Centro de Estudios de Investigación “San Isidoro”.
- VICETTO, B. (1860): *Los reyes suevos de Galicia*, A Coruña, Imprenta de Castor Miguez.
- VILAS ESTÉVEZ, B. (2023): *Posta en valor do Castro de Trelle*, Proxecto arqueolóxico remitido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- ZEPEDANO Y CARNERO, N. (1852): *SS AA RR Los Serenísimos Duques de Montpensier en Galicia*. Santiago de Compostela, Imprenta de J. Rey Romero.

## **EPÍLOGO**

### **Na memoria do Señor Benito...**

Para rematar quixéramos lembrar a importante figura de José Benito Fernández, veciño de Trelle que foi unha das fontes principais para a nosa investigación, falecido este pasado mes de xuño de 2023 aos 101 anos.

Cando en 2021 saíu na Voz de Galicia a iniciativa que tiñamos para o Castro, el, coma de costume, estaba lendo a prensa co seu café no local social do lugar; cando viu entrar pola porta a un dos membros da nosa Asociación, Óscar López Domínguez, mirou cara el e díxolle sinalando o artigo: “-Viches isto?”-, Óscar respondeulle que si, que ademais era un dos promotores do proxecto; a resposta do señor Benito foi contundente: -“Pois non o deixes”-

E iso imos facer, continuar traballando para que alá onde estea se sinta orgulloso.

## **OS NOSOS MÁIS SINCEROS AGRADECIMENTOS....**

Ao señor Benito, Castor, Rogelio, Modesto, e todos aqueles nosos maiores da bisbarra do Castro que nos transmitiron de primeira man a memoria deste xacemento, asegurando a súa continuidade para as vindeiras xeracións.

A todos os membros da Asociación Porta da Cadea e Amigos do Patrimonio de Toén polo traballo de investigación feito ao longo destes anos que hoxe completan esta obra, recollendo a historia e memoria do Castro. E por non perdela fe e a ilusión no que facemos. Tamén a toda a xente que colaborou de xeito altruísta e que nos permitiu emprender este traballo.

Aos comuneiros de Moreiras-Trelle, Sabucedo de Montes e Sobrado-Loiro-Bentraces, como donos do Monte do Castro, pola súa xenerosidade á hora de colaborar con este proxecto, sen eles sería imposible de realizar.

Aos concellos de Toén, Barbadás e Cartelle pola súa colaboración sen trabas para que este plan de estudo, divulgación e posta en valor vaia a bo porto. En especial ao alcalde de Toén, Ricardo González, e a Excelentísima Deputación de Ourense por axudar a sacar á luz esta publicación.

